



PROCEDIMENTO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE MOBILIDADE ERASMUS+ KA102 “NEXT STATION: IMPROVING PROFESSIONAL SKILLS IN GALICIA” 2016-2018, CONCEDIDO AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DE PROPOSTAS 2016

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, solicitou unha subvención da Unión Europea ao abeiro do programa sectorial KA102, correspondente á Convocatoria nacional de propostas do Programa Erasmus+ 2016.

A solicitude presentouse para un total de 325 mobilidades de estudantes de ciclos formativos de grao medio, 20 mobilidades de estudantes de FP básica, para prácticas por motivos de aprendizaxe; 50 mobilidades para persoas tituladas de ciclos formativos de grao medio e 75 para profesores, en países asociados ao Programa. Ademais concedéronse 37 mobilidades para profesorado acompañante e 30 mobilidades para recibir a expertos estranxeiros nos centros educativos do consorcio. Na solicitude figura como institución organizadora e coordinadora do consorcio a D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa e como socios de envío 37 centros educativos públicos (19 centros integrados de formación profesional e 18 institutos de educación secundaria).

Mediante a Resolución da dirección do Servizo Español para la Internacionalización de la Educación (en adiante SEPIE), de data 6 de xuño de 2016, publicáronse as listaxes de solicitudes aprobadas e rexeitadas para levar a cabo un programa de Mobilidade, Acción Clave 1 correspondentes á convocatoria de Propostas do Programa Erasmus+ 2016 na modalidade KA102.

Mediante esa resolución, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria resulta beneficiaria dunha subvención de 1.462.113,00 €, para a mobilidade de 325 estudantes de ciclos formativos de grao medio, 20 mobilidades de estudantes de FP básica, 50 mobilidades para persoas tituladas de ciclos formativos de grao medio, de 75 profesores, 37 profesores acompañantes e 30 mobilidades para recibir a expertos estranxeiros nos centros educativos do consorcio.

Con data 1 de agosto de 2016, o SEPIE e a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da D.X. de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, asinaron o Convenio de subvención para Mobilidade para a aprendizaxe (KA102) de Formación Profesional, conforme ao Regulamento (UE) Nº 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013, polo que se crea o programa “Erasmus+”, de educación, formación, xuventude e deporte da Unión. publicado no Diario Oficial da UE Nº 347 o 20/12/2013.

O convenio asinado ten o seguinte número: 2016-1-ES01-KA102-024869.

O proxecto foi aprobado para 24 meses, do 4 de xullo de 2016 ao 3 de xullo de 2018. As mobilidades de alumnado para realización de FCT, FP básica e titulados realizaranse maioritariamente dende o 1 de setembro de 2016 ao 30 de xuño de 2018. Polo tanto os gastos correspondente as mobilidades (viaxes, mantenzas, etc) realizaranse durante os anos orzamentarios 2016, 2017 e 2018.

Tendo en conta o plan de traballo e de tarefas recollida na solicitude, así como o establecido no convenio de subvención, cómpre establecer un procedemento para a concesión das axudas ao alumnado participante nas mobilidades, así como para regular outros aspectos que sexan necesarios para o cumprimento do establecido na referida solicitude e no convenio de subvención.



Por todo iso, esta consellería

RESOLVE:

1º.-Aprobar o procedemento que, en aplicación do art.3.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, establécese para o desenvolvemento do convenio 2016-1-ES01-KA102-024869 asinado e que figura no anexo.

O procedemento que rexerá é o recollido nos documentos de solicitude da subvención que forman parte da concesión da Comisión Europea e, polo tanto, regularán á concesión destas subvencións.

ANEXO- PROCEDEMENTO-

1º.- A través da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa solicitarase aos directores dos centros educativos nos que se van realizar as mobilidades de alumnado a proposta de selección deles tendo en conta os seguintes factores:

- Expediente académico de cada candidato/a.
- Competencia lingüística no idioma do país de destino/ou inglés, segundo os casos. Valorarase positivamente cursos ou probas de nivel que certifiquen que o participante ten o nivel de idiomas correspondente.
- Grao de madurez persoal.
- Motivación profesional.
- Reparto equitativo entre ciclos

En relación a estes dous últimos puntos, realizarase unha entrevista en profundidade co responsable de orientación do centro, para detectar os intereses e motivacións do participante.

2º.- Nos centros educativos constituirase unha comisión de selección formada polos seguintes membros:

- o/a director/a do centro,
- a persoa encargada da coordinación dos programas internacionais,
- orientador/a,
- un/unha profesor/a, preferentemente a persoa titora de FCT ou titora do ciclo.

3º.- Antes de cada un dos períodos de mobilidade, os centros enviarán a proposta de selección do alumnado participante coas correspondentes listas de reserva (actas das comisións de selección).

4º.- O conselleiro resolverá a concesión das mobilidades correspondentes aos participantes seleccionados polos centros membros do consorcio.

5º.- Aqueles procedementos de selección en trámite condicionados á aprobación do proxecto quedan validados sempre que se axusten a este procedemento.



6º.- De acordo co artigo I.3.3. Transferencias orzamentarias sen enmenda, do convenio 2016-1-ES01-KA102-024869, se permite que se poida transferir ata o 100% dos fondos asignados a apoio a aspectos organizativos para asignalos a apoio a viaxes e apoio individual para a mobilidade de estudantes.

Tamén permítese que se poidan transferir ata o 100% dos fondos asignados a viaxes e a apoio individual da mobilidade do persoal para asignalos a viaxes e a apoio individual de estudantes.

7º.- No caso de que as prazas adxudicadas a cada un dos centros nun ano non foran utilizadas polo seu alumnado, poderán ser adxudicadas polo centro ao alumnado do ano seguinte, coa data tope de fin das mobilidades de xuño de 2018.

8º.- O conselleiro delegará a sinatura dos convenios de subvención Erasmus+ Formación Profesional deste proxecto, entre cada CIFP ou IES membro do consorcio e os beneficiarios, nos directores/as dos centros educativos.

9º.- Cada CIFP e IES e os beneficiarios das becas asinarán o convenio de subvención Erasmus+ Formación Profesional deste proxecto que regula as condicións de participación e desenvolvemento das mobilidades de prácticas.

10º.- Os centros educativos en colaboración con cada un dos socios de acollida integrantes no proxecto, preparará aos participantes para a súa estadía no centro de destino, coordinando os detalles da viaxe e aloxamento. Acordará un programa de traballo apropiado para os participantes coas empresas e institucións de acollida. Logo asinarase un contrato de mobilidade que recolla todas esas circunstancias, de acordo co establecido na normativa específica de Erasmus+. O contrato será asinado entre o centro educativo, a organización intermediaria, a empresa e o/a beneficiario/a. Este contrato asinarase antes de comezala estadía e será necesario ter unha copia do mesmo para poder tramitar o 80% correspondente ao anticipo da beca.

11º.- Unha vez rematadas as mobilidades, nos trinta días posteriores, os centros educativos enviarán os certificados da empresa conforme realizáronse as prácticas, coa data de comezo e remate das mesmas. Os participantes deberán completar o informe final individual que considerarase solicitude de pago do 20% restante da beca do alumno ou titulado.